




PARLAMENTO XOVE 2021

INSTRUCCIÓN E RECOMENDACIÓN PARA OS DEBATES EN LIÑA

FASE CLASIFICATORIA DAS CATEGORÍAS ESCOLARES



PARLAMENTO XOVE 2021: INSTRUCCIÓNS E RECOMENDACIÓNS PARA OS DEBATES EN LIÑA

Os vindeiros **6 e 13 de marzo** terán lugar os debates da fase clasificatoria das categorías escolares da edición 2021 do Parlamento Xove. Tal e como se especificaba no regulamento do programa, tendo en conta as actuais circunstancias derivadas da pandemia da Covid-19, **os debates desta fase realizaranse en liña a través da plataforma zoom.**

No presente documento, a organización deste programa establece unha serie de recomendacións e instrucións internas sobre o desenvolvemento dos debates desta modalidade, que serán complementarias ás normas xerais sobre a competición establecidas no dito regulamento.


A. SORTEO E HORARIOS

Os venres **5 e 12 de marzo**, respectivamente, celebraremos o sorteo previo de cruces e horarios para os 21 equipos que competirán na categoría de ESO e 20 na de Bacharelato. O sorteo, de carácter público, será retransmitido **a partir das 16:30 horas** a través do enlace que se lle facilitará aos equipos participantes ao longo desta semana a través do correo electrónico do programa (parlamentoxove@xunta.gal).

Os resultados do sorteo e o horario dos debates, así como os enlaces para acceder a cada sala virtual será publicado na páxina web do programa (<http://xuventude.xunta.es/parlamento-xove>) e comunicado a cada equipo a través de correo electrónico.

O horario de referencia para o desenvolvemento dos debates será entre as **10:00** (inicio do primeiro debate) e **as 17:45 horas** (inicio do último debate). Os debates realizaranse de xeito simultáneo en tres grandes salas virtuais.

Ás **9:30 horas** realizarase unha conexión en directo de benvinda para todos os equipos participantes e entre as **14:30 e as 15:30 horas**, aproximadamente, haberá unha pausa para xantar.



Por último, facilitarase a todos os equipos un enlace de *streaming* para cada sala de debates, para os efectos de que o público interesado poida seguir en directo a competición.


B. DESENVOLVEMENTO DOS DEBATES EN LIÑA

Para garantir o correcto desenvolvemento dos debates en liña será necesario que os equipos e xuíces participantes teñan en conta as seguintes indicacións:

- Todas as persoas integrantes de cada equipo así como as persoas integrantes do xurado, deberán acceder á sala virtual de debate con antelación suficiente e, cando menos, 5 minutos antes do horario de inicio establecido.
- A persoa coordinadora de cada equipo poderá estar conectada á sala virtual, pero non poderá estar na mesma mesa onde estea situado o dito equipo, tal e como establece no regulamento desta edición.
- Cando un equipo acceda á sala virtual de debate que lle corresponda deberá sempre identificarse co nome do centro e, se é o caso, o número de equipo de que se trata (por exemplo: *IES xxxxxxxxx-Equipo 1*). Se existen diferentes conexións para un mesmo equipo, todas deberán ter, cando menos, a mesma identificación (por exemplo: *nome do orador/a IES xxxxxxxxx-Equipo 1*).

Recoméndase, igualmente, a utilización dalgunha outra identificación física no lugar onde se atope cada equipo (achegaranse modelos).

- Como é habitual, o sorteo das posturas realizarase en liña pola persoa que exerza a presidencia do xurado.
- Non é obrigatorio o uso de atril para a persoa oradora. Para o caso de que sexa necesario algún soporte para as evidencias, materiais...etc, a persoa oradora poderá empregar unha mesa ou elemento similar.
- A persoa oradora estará, se é posible, de pé, de tal xeito que se lle poida ver, como mínimo, a metade superior do corpo. Deberá dirixirse á cámara en cada unha das súas intervencións e terá en todo momento



visible o contador de tempo. As evidencias deberán mostrarse igualmente á cámara ou compartindo pantalla, cando proceda.

O resto das persoas mozas que compoñan o equipo estarán visibles en todo momento, quedando prohibido calquera intento de busca de información en internet ou comunicación coas persoas alleas ao debate.

- En cumprimento das normas sanitarias vixentes e tendo en conta que se trata dunha actividade escolar, as persoas integrantes dos equipos deberán empregar máscara en todo momento, independentemente da súa localización, co fin de fomentar a igualdade de oportunidades entre todos e todas as participantes.
- Cando non se interveña, deberá permanecerse coa cámara conectada e o micrófono en silencio.

Nas refutacións, a persoa moza que queira facer algunha interpelación deberá achegarse á cámara e levantar visiblemente a man. Cando a persoa oradora lle dea paso, poderá abrir o seu micrófono para realizar a pregunta correspondente.

- En cada debate os equipos terán un teléfono de asistencia á súa disposición para resolver calquera incidencia técnica. Este teléfono será facilitado xunto co enlace para acceder a cada sala virtual.

Se durante transcurso do debate, algún equipo ten problemas técnicos que impida o seu desenvolvemento normal, interromperase o debate ata que sexa arranxado este problema, nun prazo máximo de 10 minutos, e comezase de novo coa quenda que quedou interrompida dende o principio do tempo.

C. FINALIZACIÓN DOS DEBATES E RESULTADOS

Cando finalice cada debate, o xurado sairá da sala virtual do debate para realizar de xeito privado a súa deliberación e, posteriormente (15-20 minutos), volverá á sala de debate para dar o seu *feed back* aos dous equipos participantes que, polo tanto, é recomendable que permanezan nesta.



Se é o caso, o xurado poderá solicitar o envío da documentación relativa as evidencias dalgún equipo, o que se fará a través do correo electrónico do programa, especificando claramente o centro, equipo e asunto.

Os resultados de cada debate serán publicados na páxina web e, antes do luns seguinte ás 13:00 horas, publicaráse a relación definitiva dos 8 equipos finalistas da categoría correspondente.

Noraboa polo esforzo e boa sorte para todos e todas!